

Colexios de Cee acolleron un encontro literario e unha conferencia

CEE

Corresponsal de La Voz de Galicia

A escritora María Canosa Blanco participou onte en Cee nun encontro literario con setenta rapaces de primeiro curso de ESO. O acto celebrouse ás tres e media da tarde na biblioteca do colexio Eugenio López.

Os nenos agasallaron a Canosa con regalos e cancións. Tamén representaron un fragmento do seu libro *A pedra do seixo*.

María Canosa, de 19 anos e natural de Cee, comentou que estaba moi emocionada polo acto e agradeceu o traballo cos alumnos, que lle formularon diversas preguntas, e o feito de poder contar a súa experiencia persoal.

Ó encontro literario asistiu o director do centro educativo e maila escritora Concha Blanco.